

---

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO PLENO DA  
CORPORACIÓN DO 16 DE MARZO DE 2017**

No Salón de Plenos da Casa do Concello de Monforte de Lemos, o día dezaseis de marzo de dous mil dezasete, reúnen os membros do Pleno da Corporación co obxecto de celebrar sesión extraordinaria convocada con carácter urxente para dito día ás vinte horas, dando comezo ás vinte horas e doce minutos.

**Preside o Sr. Alcalde:** D. José Tomé Roca (Grupo Socialista).

**Asisten:**

**Sres/as. Concelleiros/as:**

**Grupo municipal Socialista:** Dna. Gloria M<sup>a</sup> Prada Rodríguez, D. Iban Torres Rodríguez, Dna. M<sup>a</sup> Pilar Espinosa Novelle, D. José Luis Losada Fernández, Dna. Marina M<sup>a</sup> Douton Rajo.

**Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego:** Dna. M<sup>a</sup> Pilar López Martínez, Dna. M<sup>a</sup> Alicia I. Cadarso Palau, Dna. M<sup>a</sup> José Vega Buján, D. Emilio José Sánchez Iglesias, D. Víctor López Mateo.

**Grupo Municipal do Partido Popular:** Dna. M<sup>a</sup> Julia Rodríguez Barreira, D. Emilio Ivan Vázquez Rodríguez, Dna. M<sup>a</sup> Purificación Argiz Quintas, D. Francisco José Cela Rodríguez, D. Manuel Jesús López Sánchez.

**Grupo municipal de Esperta Monforte:** Dna. M<sup>a</sup> Isabel García Díaz.

**Interventora acctal.:** Dna. María I. Buján Arias.

**Secretario:** D. José M<sup>a</sup> Baños Campo, que dá fe do acto.

O Sr. Alcalde abre a sesión e dispón que se procedan a tratar os asuntos da orde do día.

**1. PRONUNCIAMENTO SOBRE A URXENCIA.**

De acordo co previsto no artigo 79 do ROF, resulta apreciada a urxencia do asunto que motiva esta convocatoria extraordinaria urxente, por unanimidade dos membros do Pleno da Corporación municipal.

**2. AUTORIZACIÓN MUNICIPAL PARA O ALLEAMENTO DAS  
PARCELAS 32-A01 E 32-A03 DO POLÍGONO DE REBOREDO.**

Polo Sr. Secretario dáse conta do que resulta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. O acordo ditaminado ten o seguinte contido:

“Visto o informe de Secretaría (...), tendo en conta que o interese municipal é que se implante unha empresa no Concello, que no caso de Hierros La Vid, S.L., require acceder ao que se solicita neste expediente,

Proponse que (...) o Pleno municipal aprobe o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Aceptar como causas de incumprimento de obrigas do contrato de compravenda das parcelas 32-A01 e 32-A03 do Polígono de Reboredo as da carencia de infraestrutura necesaria para as características da instalación empresarial a implantar nela.

SEGUNDO.- Aceptar a transmisión efectuada en 2010 de ditas parcelas á empresa Avant Teydi Global, S.L.

TERCEIRO.- Autorizar o alleamento das parcelas 32-A01 e 32-A03 do Polígono de Reboredo á empresa Hierros La Vid, S.L., que se subrogará en tódolos dereitos e obrigas do contrato de alleamento das mesmas polo Concello de 8 de outubro de 2007.

(Os puntos Segundo e Terceiro están supeditados a que as empresas Avant Teydi Global, S.L. e Hierros La Vid, S.L., acrediten a súa solvencia segundo o prego de condicións do contrato do 8/10/2007 –no caso de Avant Teydi Global, S.L. con efectos dende outubro de 2010- - Dita acreditación sería no seu caso validada pola Xunta de Goberno Local como órgano de contratación).”

Tralas intervencións regulamentarias, o asunto queda sobre a mesa.

No debate habido antes de que o asunto quedase pendente, producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que lle di ao Sr. Alcalde que a esta portavoz non tivo a ben informala antes de saber pola prensa deste Pleno extraordinario. Lamentar que as cousas se fagan así, é o talante de quen nos goberna. Non se debe ter en conta o tamaño do que se representa, senón a consideración que se lle debe. Co informado por Secretaría e Intervención sobre a perda dos bens que isto suporía, non debeu convocar o Pleno, e ademais a Xunta de Goberno Local puido resolvelo. Como non tivo por que convocalo, non debería ser causa do pago que se fai aos Concelleiros.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que di que esta é unha cuestión que non é menor. Se a empresa está urxida por trámites, podemos entender o interese empresarial, pero temos responsabilidade como Corporación municipal, non podemos mirar só os intereses das empresas. En 2006, sendo Tenente de Alcalde o actual Alcalde, aprobouse o prego de condicións, que establecía solicitar licenzas en seis meses, ter a instalación feita en dous anos e iniciada a actividade en tres anos. Non se

*Pleno da Corporación  
Sesión extraordinaria do 16.03.2017*

cumpriu nada diso. Hai unha cláusula de resolución expresa e os terreos debían reverter ao Concello. En 2014, trouxose aquí o tema, e o Secretario fixo un informe sobre incumprimento con resolución do contrato e perda da cantidade. O anterior Grupo de goberno non fixo nada. Estamos con isto e con tantas cousas cunha mala xestión de atrás. Vostede, no tempo que leva da Alcalde, tampouco fixo nada, pero trae aquí o que está na liña vermella da legalidade. Non cumpre o que acordamos no Pleno, pero agora si nos quere. Pido que deixe isto sobre a mesa, pode haber prevaricación, actúa de maneira cuestionable e pídenos ser partícipes dunha situación moi irregular. Se vostede quere aprobar isto, léveo á Xunta de Goberno. Busque unha solución alternativa, esta non é solución. Sobre que sexa causa de forza maior o non contar con fibra óptica, iso non está no contrato, e hai unha transmisión posterior non comunicada. Co contrato do Hotel Comercio foi minucioso, e este pásao polo arco de triunfo. O titular de mañá será que a oposición non quixo aprobar isto. Pídlle que o retire por consideración ás persoas que poden votar a favor.

De Dna. Pilar López Martínez, portavoz do Grupo do BNG, que di que están a favor de fomentar o emprego e os postos de traballo. O Alcalde trae unha proposta de autorizar a unha empresa a venda a outra de dúas parcelas. A que quere comprar quere pedir unha subvención antes do 31 deste mes. Non ten o máis mínimo interese en aprobar isto en solitario, é unha estratexia maquiavélica. A responsabilidade será dos concelleiros que o autoricen. Causaría un precedente para parcelas nestas mesmas circunstancias. Ten medo a cometer en solitario un delito. Prevaricar, segundo a Real Academia, é resolver a sabendas de xeito inxusto. Tráeo ao Pleno porque non ten coraxe e valor suficiente fronte á cidadanía, sabe que non llo imos autorizar, no meu Grupo non imos prevaricar. Está xogando cos intereses da cidadanía e co patrimonio dos bens do Concello. Cando nos traia un informe favorable, conte con nós. Todos deberíamos estar a favor da creación de emprego. Non debatemos iso, senón se se pode autorizar a venda.

Do Sr. Alcalde, D. José Tomé Roca, polo Grupo Socialista, que lle di a Dna. Maribel García que xa lle dixo cando falaron que se desculpaba. Xa está dito; se quere seguir patexando, habrá que mirar como é segundo o Regulamento. É libre de renunciar á súa percepción por asistir ao Pleno. Dille a Dna. Julia Rodríguez que en 2014 xa non estaba na Xunta de Goberno, cando o informe do Secretario. Sobre competencias, o informe de Secretaría di que cabe sometelo ao Pleno. Non é ilegalidade, se esta non é clara e manifesta. En dereito, as cousas son interpretables, temos visto sentenzas diferentes sobre casos iguais. Dille a Dna. Pilar López o mesmo sobre o informe de Secretaría e o órgano competente. Sobre se creará precedente, cada unha terá a súa casuística, non todo será fibra óptica. Isto caducou en 2012, non me culpe a min do que non fixeron. Eu non xogo coa empresa, se a empresa de Monforte pode quedar aquí, será mellor. Se isto é unha ilegalidade ou non, que o diga o Secretario.

Do Sr. Secretario, que di que *prima facie* está o incumprimento da empresa e a condición resolutoria por iso do contrato, a cousa é se o non dispoñer de fibra óptica

xustifica o incumprimento. Iso no ámbito administrativo. No penal, prefiro non pronunciarme dado o abuso que ás veces se fai do termo prevaricación. (O Alcalde pregúntalle se o da fibra óptica é causa de forza maior). O Pleno dirá, xa que non está tecnicamente contrastado.

De Dna. Maribel García Díaz, que di que a providencia da Alcaldía pon que é de interese público acceder ao solicitado. Le do informe de Secretaría o que se di sobre que iso por si só non basta e que a empresa incumpriu. Tamén estariámonos fiando da nova empresa. Por que non o fai na Xunta de Goberno? Non teño ningunha pataleta, deille a oportunidade na Comisión e agora no Pleno para desculpase.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que di que no 2006 estaba o actual Alcalde na Xunta de Goberno, non en 2014. Reconsidere este asunto. Non tome decisión nun sentido ou noutro. Deixe este asunto enriba da mesa. Non podemos ser partícipes do que se propón. O problema é que vai pasar con estes casos para o futuro. Non someta este asunto a votación, busque unha maneira alternativa.

De Dna. Pilar López Martínez, que di que dixo o Alcalde que o goberno anterior é responsable de non facer en 2012 o que tiña que facer. Non escapamos da responsabilidade. Vostede vai pasar á historia por traer unha proposta que pode ser unha ilegalidade. Só unha persoa pouco valente trasládalles esta responsabilidade aos demais. Tamén é responsabilidade para o ~~seu~~ Grupo e para vostede. Asuma a súa responsabilidade e non poña en perigo a honradez dos demais. Se non fixemos nada, ao mellor foi para non prexudicar a empresas collidas pola crise. Dille á portavoz do PP que non trouxera no seu día unha moción sobre a reversión das parcelas, senón informarse sobre o que había. Dille ao Alcalde que igual que buscou solución para o do Hotel Comercio, aquí teno fácil: apróbeo en Xunta de Goberno.

Do Sr.Alcalde, que di que se é prevaricación, tamén o sería na Xunta de Goberno. Lamento que non se poida facer en Monforte o que se fai en Bóveda ou no Saviñao. A valentía suponse, como na mili. Pero non dea leccións aos demais, se non tivo valentía propia. Xustifica o que non fixeron pola crise, aínda non saímos dela, estamos mellor, pero nós tamén podemos ser xenerosos por esa razón, para non prexudicar ás empresas, como dixo na Comisión a súa compañeira Dna. M<sup>a</sup> José Vega. Para o luns, convén ter un informe máis claro do Secretario sobre este asunto. Deixámolo sobre a mesa.

Non habendo máis asuntos a tratar, o Sr.Alcalde-Presidente levanta a sesión sendo as vinte horas e cincuenta minutos do expresado día, de todo o cal eu, Secretario, certifico.

V<sup>o</sup> e pr.  
O Alcalde,

Pleno da Corporación  
Sesión extraordinaria do 16.03.2017

